


CELEBRACIÓN DA FESTA DE SAN BIEITO EN OS COTOS

21 de marzo do 2020



**OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
E COA NATUREZA MALTRATADA**



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s na casa)

(se se quere) CANTO 🎵 n° 4 Amigos nas penas

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a esta oración. Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Os tempos nos que viviu San Bieito tampouco eran doados. Pero el soubo estar á altura: soubo compaxinar o amor a Deus na oración e o amor ao próximo formando comunidades que atenderan ao traballo e a preocupación por calquera que se aproximase a elas.

No evanxeo escoitaremos como Xesús felicita a aqueles homes e mulleres que achegados a el atrevéronse a deixalo todo para seguilo.

Estes días tráennos a nós moitas renunciadas, e estamos tamén dándonos conta do importante que é facer as cousas ben. Somos conscientes dos esforzos que nos trae vivir.

San Bieito acollendo esta ensinanza do evanxeo, fixo do “reza e traballa” o lema da súa vida, e o noso, nestes días tan raros, ben pode ser “REZA NA CASA”.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Hoxe somos nós os que temos que estar á altura para facer realidade o evanxeo nestes momentos difíciles. Xesús conta con nós, coas nosas palabras e sobre todo cos nosos feitos, pero as veces son outros os nosos camiños, por iso agora queremos pedir perdón:*

Monitor/a

➤ Pedimos perdón por ter feito da fe un feixe de costumes, que nada teñen que ver coa vida, e mesmo cremos que podemos ser crentes non practicantes.

Señor ten piedade de nós

➤ Pedimos perdón porque ás veces non estamos dispostos a renunciar a nada e facemos da vida un camiño cheo de egoísmos.

Señor ten piedade de nós

➤ Pedimos perdón porque na nosa vida de fe somos moito máis partidarios de rutinas que de dar exemplo por medio do testemuño dunha vida coherente.

Señor ten piedade de nós

Celebrante *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón, e dos homes e mulleres que sofren a soidade e as consecuencias desta pandemia que estamos a pasar. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Honramos o bo facer do santo abade Bieito.*

(silenzo)

Deus, Noso Pai, ti fixeches do abade San Bieito un mestre extraordinario dos que queren consagrar a vida ao teu servizo. Concédenos non antepoñer cousas ningunha ao teu amor para que así camiñemos polos vieiros do Reino cun corazón alegre e xeneroso. Queremos pedir o teu espírito para pregoar o evanxeo, facéndoo vivo día a día nas nosas familias e comunidades. Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

No Leccionario III páxina 137

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DOS PROVERBIOS

Meu fillo, se te apropias os meus ditos e atesouras os meus mandados dando oído á sabedoría, inclinando o teu ánimo ao discernimento; se imploras intelixencia e chamas pola prudencia; se a procuras, como farías coa prata, e a buscas con celo, coma un tesouro, entenderás entón o temor do Señor, e atoparaste co coñecemento de

Deus, pois é o Señor quen dá a sabedoría, da súa boca chegan a ciencia e a intelixencia; reserva El a competencia para os honrados, é un escudo para os de conduta sen tacha, garda os vieiros da xustiza e coida o camiño dos seus fieis. Distinguirás entón o dereito e a xustiza, a equidade e todos os camiños do ben.

Palabra do Señor

(se se quere pode cantarse)

♪ *nº 41 Quen nos vai separar de Ti* SALMO

(en pé) No Leccionario III páxina 139 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE MATEO

Naquel tempo, díxolle Pedro a Xesús:

- Nós deixámolo todo e seguímoste. Daquela, que vai ser para nós?.

Xesús respondeu:

- Dígovolo de verdade, que vós, os que me seguistes, cando chegue a renovación e o Fillo do Home sente no trono da súa gloria, sentaredes tamén en doce tronos para xulgardes as doce tribos de Israel.

E todo aquel que deixou casas ou irmáns ou irmás ou pai ou nai ou fillos ou fillas ou leiras, por causa do meu nome, recibirá cen veces máis e herdará a vida eterna.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste momento de oración no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos como San Bieito seguir o evanxeo día a día estando confinados na nosa casa, pero crendo na distancia responsable cos nosos veciños. Dicimos

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
que nos creou á súa imaxe e semellanza,
e que nos convida a vivir na responsabilidade de coidarnos e coidar aos demais?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,
que, coma aos discípulos e a san Bieito,
nos alenta a ofrecer aos demais a nosa solidariedade,
o noso bo facer, aínda que o teñamos que facer na distancia das nosas casas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
como don de Deus, que dentro de cada quen,
como familia, comunidade e igrexa,
nos empuxa a seguir a Xesús
sendo responsables no fogar que compartimos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé)

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Oremos a Xesús, e poñamos nas súas mans as nosas prearias. Recemos dicindo

San Bieito intercede por nós

Monitor/a

1. Para que aprendamos a andar polos camiños de Deus tamén nestes momentos difíciles, solidarizándonos sempre cos máis necesitados de entre nós e do mundo. Rezamos
2. Para que sigamos a Xesús no seu afán por transmitir a experiencia de Deus coma un Pai que nos ama fundamente, e que nestes días se doe con nós. Rezamos
3. Para que, coma Deus nos pide, participemos en todo aquilo que promova máis responsabilidade na nosa terra e no mundo enteiro. Rezamos
4. Polas persoas que están morrendo estes días polo Covid 19, polos seus familiares e por todos nós para que saibamos estar á altura e mirar o futuro con esperanza. Rezamos
5. Polos monxes e monxas, para que seguindo as ensinanzas do abade san Bieito, testemuñen hoxe o evanxeo na oración e no traballo. Rezamos

Celebrante Señor Xesús escoita as nosas prearias, e énchenos do alento que te levaba a estar sempre á beira dos demais. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante Dirixámonos agora ao Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar, e con Xesús anunciémolo como aquel que nos quere ben.

Con San Bieito témoslle pedido a Xesús que nos ensine a rezar, e el dinos que digamos confiados:

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante Os nosos desexos de paz hoxe mostrámoslos recordando a aquelas persoas que outros anos están á nosa beira na celebración da festa na honra de San Bieito, e hoxe teñen que permanecer nas súas casas (Podemos recordar os nomes destes veciños e veciñas).

NON COMULGAMOS

PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: A nosa celebración da fe ten que levarnos, como a San Bieito, a construír un mundo que sexa compartido por todos, a amar e facer ben aos demais para superar todo aquilo que separa e divide.

Ditosos nós que en familia celebramos a nosa fe.

4.- ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, con San Bieito, acabamos de compartir este momento de oración en familia na túa presenza. Dámosche as grazas por todas as persoas que no camiño da nosa vida son capaces de comprometerse de verdade estando ao lado dos que teñen problemas, especialmente agradecemos o bo facer do persoal sanitario.

Concédenos, Señor, seguir os consellos deste santo abade, para que te sirvamos con fidelidade e amemos con amor ardente a nosos irmáns. Ti que vives e reina con nós por sempre eternamente. Amén

Con Xesús queremos ser fe viva na nosa familia, na nosa comunidade, nas nosas festas e nestes momentos tan raros e difíciles.

Con Xesús queremos sentir o acougo de quen, como San Bieito, fai crible o evanxeo vivíndoo cos demais.

Con Xesús queremos achegarnos á vida auténtica porque non podemos reducir as nosas crenzas a costumes e rutinas.

Que o Señor, por intercesión de San Bieito nos bendiga,† nos garde de todo mal e nos leve á vida eterna. Amén

